

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.CURSO 2022/2023

ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

DEPARTAMENTO DE: Economía

DATA: 01 marzo 2023

ÍNDICE

I.	Organización do documento e composición do departamento.....	2
II.	Contextualización do centro.....	3
III.	Programación didáctica por materias.....	4
	a. Economía 4º ESO.....	7
	b. Iniciación á actividade emprendedora e empresarial 4º ESO.....	41
	c. Economía de la Empresa 2º Bacharelato.....	76
	d. Fundamentos de administración e xestión 2º Bacharelato	125
IV.	Anexo.....	151

I. Organización do documento e composición do departamento.

O documento está dividido en tres bloques. O primeiro, céntrase no departamento e na contextualización do centro, aspectos comúns para todas as materias mentras que os 4 seguintes, son o desenvolvemento de cada materia e por último un anexo no caso que non se puidera completar a formación presencialmente.

Yolanda María Álvarez Núñez que imparte Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.
Grupo 4º ESO B/C

Carlos Segade Pérez que imparte as seguintes materias/grupos:

- Economía. Grupo: 4º ESO A.
- Iniciación á actividade emprendedora e empresarial. Grupo: 4º ESO B/C.
- Economía. Grupo: 1º Bacharelato A.
- Economía da empresa. Grupo: 2º Bacharelato B.
- Fundamentos de Administración e Xestión. Grupo: 2º Bacharelato A e B.

II. Contextualización do centro.

O IES Ribeira do Louro presenta homoxeneidade dende o punto de vista sociocultural, agrupando alumnado que provén dunha área xeográfica ampla. Moitas das familias do noso alumnado vive no medio rural procedendo a maioría de centros públicos e en menor medida de concertados (principalmente do Colexio Santo Tomás que se atopa a escasos 500 metros do noso centro e que conta con ensino ata 4ºESO). O seu nivel económico podería clasificarse como medio-baixo ou baixo.

O Polígono de vivendas de Torneiros, no que está ubicado o Instituto, é a principal base de expansión urbana, coas súas sucesivas fases. Destácase o feito de que o polígono carece practicamente de servizos e está mal comunicado coa vila e outras poboacións da contorna. As dificultades socioeconómicas e culturais, ademais das escasas oportunidades de ter contacto coa cultura fóra do centro inciden no rendemento académico do noso alumnado e nas súas expectativas respecto ao futuro.

A principal fonte de riqueza da comarca provén do sector secundario, grazas ao desenvolvemento industrial dos polígonos e empresas sitas na contorna. Esta tarefa ocupa a gran parte das familias do alumnado, así como o autoemprego (varias familias comerciantes). A taxa de paro de Porriño está a carón ao 15%, dato que pode considerarse un dato medio (con respecto ao contorno) e moi preto da cifra de Vigo (referencia a nivel provincial). Esta cifra supón un descenso aproximado do 16% respecto da mesma data do ano pasado, situación motivada principalmente pola recuperación da pandemia que aínda estamos sufrindo.

O centro, foi aberto ao público en 1992, sendo polo tanto relativamente novo. As súas instalacións contan con dúas plantas de aulas, pavillón cuberto e descuberto, ximnasio, aulas de laboratorio e informática, biblioteca, salón de actos e aulas de profesorado. A oferta educativa inclúe toda a ESO, Bacharelato, ciclos formativos de grado medio e superior (da familia administrativa e electrónica) e educación de adultos. O equipo docente sitúase en 70 dándose unha mobilidade relativamente alta nos últimos anos.

O número de alumnos sitúase preto dos 500 estudantes. O equipo docente oferta gran diversidade de actividades complementarias como o club de lectura, teatro, saídas escolares, actividades extraescolares, etc.

III. Programación didáctica por materias.

No que fai referencia ao desenvolvemento de cada unha das materias, o documento segue o seguinte esquema:

- 1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- 2 OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO
- 3 UNIDADES DIDÁCTICAS: Obxectivos, competencias crave, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de avaliación dos mesmos e temporalización.
- 4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA
 - METODOLOXÍA XERAL
 - METODOLOXÍA ESPECÍFICA
 - ESTRATEGIAS METODOLÓGICAS
 - METODOLOXÍA DE TRABALLO NA AULA
- 5 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE PODEN UTILIZAR
- 6 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
- 7 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
- 8 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES
- 9 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS
- 10 MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE
- 11 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLASEN NO CURSO QUE CORRESPONDA

12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

13 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

14 ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

15 ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TICS DO CENTRO

PROGRAMACIÓN

ECONOMÍA 4º ESO

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A formación en Economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relación entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e alinguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da Economía axuda a percibir e a coñecero mundo, e posibilita analizar e afondar nas relación humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. Tamén contribúe a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, orixor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola Economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais.

Denominamos programación didáctica ao documento que recolle o conxunto de criterios e

decisións que permiten adecuar o currículo, prescrito na normativa en vigor, a un determinado contexto educativo.

A programación didáctica de Economía de 4º ESO pretende a concreción dos elementos do currículo actual, coa finalidade de lograr os obxectivos así como o desenvolvemento das competencias clave expresados na norma, contribuíndo, do modo que esta determina, ao logro das finalidades da ESO nos ámbitos de aplicación da LOMCE.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

En relación cos contidos propostos para a ESO, establecemos para a área de Economía no curso de 4º de ESO os seguintes obxectivos:

- Obj. EC.1. Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar críticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre a contorna.
- Obj. EC.2. Adquirir e empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.
- Obj. EC.3. Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
- Obj. EC.4. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.
- Obj. EC.5. Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio e social.
- Obj. EC.6. Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar logros persoais.
- Obj. EC.7. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar críticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto a a igualdade e o benestar dunha sociedade.
- Obj. EC.8. Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade.
- Obj. EC.9. Analizar as características principais do mercado de traballo, as políticas de

emprego e valorar as oportunidades que presenta.

- Obj. EC.10. Coñecer e valorar as vantaxes que supuxo o comercio internacional, así como os custos que implicou no desenvolvemento dalgúns países. Valorar o potencial da integración económica e as perspectivas da economía aragonesa no marco da internacionalización económica.
- Obj. EC.11. Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.
- Obj. EC.12. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.

Para alcanzar os obxectivos desta materia, exporase un proceso de ensino e aprendizaxe eminentemente práctica, de tal forma que se forme ao alumno coas capacidades e coñecementos necesarios para que poida entender a realidade económica que nos rodea e ser crítico con ela.

Teranse en conta as seguintes recomendacións: relacionar o proceso de ensinanza-aprendizaxe coa vida real, facilitar a construción de aprendizxjes significativos, relacionando o que o alumno xa coñece con os novos contidos, favorecer a capacidade de aprender a aprender e acadar un clima de aceptación e cooperación fomentando o traballo en grupo.

A metodoloxía utilizada combinará estratexias de exposición e de indagación ou descubrimento, que dependerá do tipo de contido. Así a aprendizaxe dos contidos farase a través de didácticas concretas poden ser moi variadas, como a realización de traballos de investigación tanto persoal como grupal e a súa posterior exposición, o estudo de casos reais, realización de debates sobre temas económicos de actualidade ou visitas a empresas e organismos económicos.

Neste sentido, os estudos de casos e a incorporación das TIC formarán parte esencial da metodoloxía da materia así como o seguimento dos principais medios de comunicación ao alcance do alumnado.

3.- UNIDADES DIDÁCTICAS: Obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de avaliación dos mesmos.

BLOQUES DE CONTIDO

Bloque 1. Ideas económicas básicas.

No bloque 1 recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.

Bloque 2. Economía e empresa.

No bloque 2, analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na Economía.

Bloque 3. Economía persoal.

Está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado.

O cuarto bloque repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos.

Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego.

No quinto bloque repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.

Bloque 6. Economía internacional

E para rematar, o bloque de fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

OBXETIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS AVALIACIÓN, ESTÁNDARES E C.CLAVE

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

g) Conciencia e expresións culturais.

h) (Competencia financeira)

Por outra banda, en canto á avaliación das competencias crave:

- Han de establecerse as relacións dos estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias ás que contribúen, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competencial alcanzados polo alumnado.

- A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias crave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. ▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas. ▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

	de oportunidade.		outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos. ▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

			mediante a fronteira de posibilidades de produción.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
Bloque 2. Economía e empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a. ▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE

	<p>empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Clases de empresas. ▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. 	<p>unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.</p>	<p>para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC

			efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. ▪ B2.6. Sectores da actividade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT

			marcha da empresa.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. ▪ B2.9. Resultados da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

			empresas.	
	Bloque 3. Economía persoal			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. ▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Planificación económico-financ eira: necesidades económicas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionas co benestar propio e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

			momento.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. ▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD

			<p>delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT

	de seguros.		ou as situacións adversas nas etapas da vida.	
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC

			se poden producir ao longo do tempo.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC

		renda.		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tipos de xuro. ▪ B5.2. Inflación. ▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. ▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.1.3. Valora e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

			interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	▪ CMCCT
▪ a ▪ c ▪ e ▪ f	▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. ▪ B5.6. Perspectivas da ocupación.	▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	▪ CD ▪ CSC
			▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	▪ CAA ▪ CD
	Bloque 6. Economía internacional			

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Globalización económica. ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC

TEMPORALIZACIÓN

Os 6 bloques citados de contido establecidos polo currículo correspóndense coas seguintes unidades do libro de texto

- 1: Que é a economía?
- 2: Economía como ciencia.
- 3: A empresa. Orixe e clasificación.
- 4: A empresa. Producción e sectores económicos.
- 5: A empresa. Fagamos números como empresarios.

6: Economía doméstica. Planifiquemos os nosos recursos.

7: Economía doméstica. Con que pagamos hoxe?

8: Economía doméstica. O aforro e o endebedamento.

9: O Estado. Os países crecen economicamente.

10: O Estado. A repartición da riqueza.

11: Indicadores económicos. Inflación e tipos de xuro.

12: Indicadores económicos. Economía globalizada.

Co ánimo de facilitar a aprendizaxe ao alumnado, seguirei a orde do libro de texto de referencia da materia. Esta temporalización ten un carácter meramente orientativo, procedendo a unha reestruturación das unidades (se o calendario, as características do grupo non o fixese posible ou a situación da pandemia) tomando en consideración o carácter dinámico da programación didáctica de aula. A distribución prevista para as unidades por avaliación é a que figura a continuación:

- 1ª Avaliación: unidades 1,2,3 e 4
- 2ª Avaliación: unidades 5,6,7 e 8
- 3ª Avaliación: unidades 9,10,11 e 12

No caso que a pandemia, puidese impedir o normal desenvolvemento presencial da docencia na aula, facendoa semipresencial ou mesmo non presencial, empregaremos os medios tecnolóxicos que temos postos á nosa disposición por parte da consellería (moodle, videoconferencia, etc.) co obxectivo de adquirir as competencias clave. (Ver tamén anexo final).

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

METODOLOXÍA XERAL

A metodoloxía didáctica basearase nos seguintes principios xerais:

- O proceso de ensino e aprendizaxe constrúese a partir dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos, dos seus intereses e motivacións.
- O alumno eríxese como centro do proceso de ensino-aprendizaxe, como construtor do seu propio coñecemento. Fomentárase a súa participación activa de maneira que vaia asumindo progresivamente un maior protagonismo, autonomía e responsabilidade.
- As aprendizaxes deben ser autenticamente significativas, deben permitir relacionar a información nova coa que xa posúen os alumnos, e deben ser funcionais, é dicir, deben permitir a súa translación e aplicación á vida, para asegurar así a utilidade do aprendido.
- Fomentárase o autoaprendizaxe. Os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender e de pensar de maneira crítica. As metodoloxías deberán ser eminentemente activas e participativas e deberán favorecer o desenvolvemento da capacidade do alumno para aprender en por si e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, etc.).
- Débense ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. O docente asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumno.
- Utilizaranse a retroalimentación e a metacognición como elementos de avaliación continua que axuden en todo momento ao alumno para reconducir e avanzar na súa aprendizaxe.
- Farase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas que o alumno debe encarar facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Fomentárase o aproveitamento das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) como ferramentas motivadoras e fontes provedoras de información.
- As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares

- Promoverase o traballo por proxectos para axudar ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, o espírito crítico, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada cada quen asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA

A metodoloxía de Economía será eminentemente práctica e aínda sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada a dar unha explicación e un mellor coñecemento dunha sociedade onde os fenómenos empresariais desempeñan un papel importante.

Este ano, se a situación epidemiolóxica o permite, plantexaremos visitas para desenvolver charlas sobre o sector público, concretamente persoal de Facenda que permita profundizar na importancia que ten o estado no desenvolvemento da economía.

A metodoloxía proposta pretende adecuar a materia co contexto sociocultural en que se atope o alumnado con especial referencia á realidade local ou galega en xeral. Preténdese mostrar os problemas económicos e empresariais do contorno para que o seu estudio resulte máis próximo e útil. Para este cometido, precísase usar medios de comunicacións locais e rexionais que permitan coñecer o tecido erial da zona e a súa repercusión no conxunto rexional e nacional. É importante que o alumnado aprenda a manexar información fora dos cánones habituais, é dicir, se ben o libro de texto resulta ser unha fonte de información de apoio importante, coñecer as noticias económicas de actualidade e poder interpretalas, axuda enormemente a xerar un mapa conceptual importante da realidade que nos rodea toda vez que potencia enormemente o sentido crítico dos alumnos.

Dito isto, e volvendo a estrutura das clases, engadir que estas serán teórico-prácticas. Unha primeira fase será teórica e nunha segunda fase desenvolveranse os aspectos prácticos, atendendo as particularidades de cada bloque temático e de maneira específica, a unidade didáctica a desenrolar.

A parte teórica basearase nas explicacións dos contidos da materia.

En definitiva, tratarase de dar un enfoque práctico, actualizado e vinculado ó entorno inmediato do alumno, utilizando material contido na prensa diaria de ámbito local e estatal, para a realización dos exercicios e o analizando casos prácticos a partir de empresas galegas. A partir dunha introdución na que se relacionará cada unidade cos conceptos aprendidos e os procedementos

utilizados nas unidades anteriores, realizarase una explicación teórica do conxunto, apoiada na utilización de esquemas, gráficos. Preténdese que a exposición sexa participativa, de tal forma que se farán preguntas ó conxunto da clase óu individualizadas, para comprobar a comprensión do exposto.

As clases prácticas levaranse a cabo dunha forma participativa pero ordenada, de maneira que exista o ambiente de traballo adecuado que permita efectuar a actividade nas mellores condicións posibles. Fomentarase o sentido crítico e o aprendizaxe baseado na combinación de traballo persoal e observación e análise das tarefas desenvolvidas polos demais. Valoraranse especialmente todos os aspectos relacionados coa colaboración entre alumnos, como un método eficaz para acadar resultados óptimos.

Os contidos apoiaranse en instrumentos de análise matemático e estatístico, como soporte da información e como expresión das relacións económicas, á nivel do alumno. Propóranse lecturas e análise de textos de contido económico a partir de un guión proposto polo profesor.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A diversidade metodolóxica aconsella utilizar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar aos alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contidos teóricos e para trasladar aos alumnos/ as a visión e os obxectivos xerais a alcanzar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizaranse esquemas, diagramas e mapas conceptuais, entre outros recursos.

A título orientativo e como estratexia de ensino expositivo, sería recomendable estruturar a aprendizaxe dos contidos, comezando pola descrición da empresa como axente económico e as súas relacións coa contorna, para continuar co estudo detallado e interrelacionado das distintas áreas funcionais que a integran.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrontar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestións nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos aprendidos e de interiorización dos valores actitudinais desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas expostos.

METODOLOXÍA DE TRABALLO NA AULA

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da materia. Indicaranse os obxectivos e contidos máis importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos das/os alumnas/vos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios.

O expresado anteriormente traducirase na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

- Introducción á unidade de traballo co fin de motivar aos alumnos/ as.
- Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos para familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarase a súa relación co resto de contidos xa abordados ou aínda pendentes de estudo. Clarificarase o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedimental e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:
 - Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.
 - Lectura do índice de contidos de cada unidade.

Análise dos coñecementos previos dos alumnos/ as.

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Desta maneira preténdese predisporlos favorablemente aos contidos e ao propio

desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestións iniciais poderanse realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates. Para iso poderemos utilizar:

- Formulación das “Actividades iniciais” de comezo da unidade.
- Proxección de vídeos introductorios da unidade.
- Análise da imaxe inicial que ilustra a unidade.
- Lectura e análise da cita que figura ao comezo de cada unidade
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose no libro de texto. O seu papel debe de ser de motivador, de dinamizador e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dunha maneira atractiva, clara, buscando a participación de todos alumnos/ as, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo na aula.

Farase uso de variados recursos didácticos: esquemas, mapas conceptuais, exercicios, exemplos referidos á contorna máis próxima, análise de casos, comentarios de artigos de prensa, procuras na internet, vídeos ou curtos de películas etc., coa finalidade de reforzar a aprendizaxe dos conceptos e alcanzar as competencias básicas. Un aspecto moi importante a resaltar será o uso das tecnoloxías de a información e a comunicación e en especial as clases investidas.

As clases investidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedimental dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

Traballo individual dos alumnos/ as desenvolvendo as actividades propostas.

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e no seu caso ampliar o aprendido. Estas actividades iranse expondo a medida que se desenvolvan as

unidades e dunha maneira gradual, de menor a maior grao de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno/a. Todo este traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades para realizar serán:

- Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.
- Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos.
- Actividades de ampliación máis complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos que requirirán un esforzo de indagación e o uso das TIC.
- Actividades relacionadas coas clases investidas.
- Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (aprendizaxe baseada en problemas, actividades de pensamento crítico, etc.) para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. As actividades para realizar serán:

- Actividades propostas no desenvolvemento dalgunhas unidades.
- Lecturas ao final de cada unidade con intercambio de preguntas e respostas.
- Actividades de apoio e reforzo das clases investidas.
- Variedade de instrumentos didácticos.

A presenza de distintos formatos (libro do alumno, recursos dixitais; textos; táboas, gráficas, esquemas, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaranse os contidos estudados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso poderase utilizar:

- Resumos ao final de cada unidade.

- Sopas de letras de conceptos básicos analizados na unidade.
- Preguntas tipo test finais.
- Mapas conceptuais ao final de cada unidade.

Nesta proposta didáctica propónse a combinación de unidades teóricas e unidades prácticas en cada avaliación. Con iso preténdese facer máis dinámicas as clases, evitando caer na monotonía que supón facer a materia excesivamente teórica. Iso redundará nunha maior motivación e unha mellor asimilación dos contidos.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE PODEN UTILIZAR

O alumnado traballará co libro de texto e os apuntes e actividades aportados e propostos polo profesor:

- Libro de texto: Economía4º de ESO editorial McGrawHill.
- Outros libros de texto do departamento de distintas editoriais: Santillana, Editex, Xerais, etc.
- Outros textos de Economía (teoría e exercicios)
- Textos legais como o “Código de Comercio e Leis Complementarias”, Lei e Regulamento do IVE, IRPF, etc.
- Páxinas de Economía na rede como:
 - Portal especializado no ensino da economía en secundaria: www.ecomur.com Enciclopedia e biblioteca virtual www.eumed.net
 - Páxina web do Instituto Nacional de Estatística www.ine.es e www.ige.es ARDAN: Base de datos sobre as empresas galegas
 - Prensa diaria e artigos de interese económico. Máis exercicios e recursos en www.profes.net
 - Para analizar a marcha de mercados reais: www.agroprecios.com
 - Informes interanuais das principais variables macroeconómicas: www.economyweb.com

- Síntese de indicadores do Banco de España: en www.bde.es Confederación Española de Caixas de Aforros: www.ceca.es Web de divulgación económica: www.econolandia.es Portal do Ministerio de Economía e Facenda: www.meh.es Portal do Tesouro Público: www.tesoro.es
- Portal da Comisión Nacional do Mercado de Valores: www.cnmv.es Páxina do Banco de España: www.bde.es
- Páxina da Organización Mundial do Comercio: www.wto.org Fondo Monetario Internacional: www.imf.org
- Páxina da Unión Europea: http://europa.eu/index_es.htm
- Informes anuais sobre o estado do mundo do WorldwatchInstitute: www.worldwatch.org/
- Páxina da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico: www.ocde.org
- Páxina da Unión Europea: http://europa.eu/index_es.htm Páxina da Organización Mundial do Comercio: www.wto.org
- Portátil del aula o profesorado + cañón proxector. WI-FI de centro.
- Aulas de informática.

6.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A nota final de curso do alumno estará formada pola suma de:

- Cun 20% da nota (2 puntos) valoraránse:
 - As actividades de aula propostas, realizadas e presentadas dentro dos tempos previstos e acordados polo profesor.
 - A orde e o rigor na elaboración das diferentes actividades propostas.
 - A participación e intervención nas clases.
 - A participación en charlas ou iniciativas realizadas na aula.

- Cun 80% da nota (8 puntos) valoraránse as diferentes probas individuais escritas. Por avaliación faranse 2 ou mais probas individuais escritas. Para ter superada a avaliación a nota media das probas escritas non poderá ser inferior a 5.
- Para ter superada a asignatura a nota media das tres avaliacións terá que ser como mínimo de 5.

Ao longo do curso proporase a realización de diversas tarefas de recuperación. Asemade, de cada avaliación suspensa, farase unha proba escrita.

En calquer exame, o alumnado que sexa sorprendido copiando, terá unha calificación de cero nesa proba, e polo tanto será suspenso.

7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Trátase de reflexionar sobre a actuación do profesor sobre os alumnos e sobre todos os aspectos recolleitos na programación. Neste sentido establezo os seguintes indicadores de logro:

Sobre os materiais utilizados: accesibles, atractivos, suficientes

Si a planificación foi a adecuada: número e duración das actividades, dificultade, interese para os alumnos, significatividad para o proceso de aprendizaxe, con obxectivos ben definidos, etc

Si souben motivar aos alumnos, espertar a súa curiosidade, crear o conflito cognitivo, si todos participan activamente, si conseguen o seu nivel adecuado de desenvolvemento.

Si hei ter en conta a atención á diversidade, que uso deille ás TIC, si se trataron adecuadamente os temas transversais

8.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS AVALIACIÓNS PENDENTES

Tendo en conta que nesta materia non se dá unha progresividade total na aprendizaxe, xa que hai bloques bastante diferenciados, realizaranse actividades específicas de recuperación de cada

avaliación. Estas actividades consistirán en resolución por parte do profesor das probas escritas no encerado e realización dunha proba de recuperación escrita despois da avaliación.

As probas de recuperación serán similares ás individuais escritas feitas en canto ao contido. Estes exames non se cualificarán con nota numérica senón que constará recuperado ou non recuperado.

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Un aspecto moi importante da avaliación inicial é a identificación dos coñecementos previos sobre os que se van a construír as novas aprendizaxes. Non hai que obviar que esta avaliación vai crear e adecuar as expectativas que tanto o alumnado como o profesorado teñen como punto de partida.

Ao dar un diagnóstico do alumno, a avaliación inicial posibilita recoñecer os recursos, potencialidades, dificultades do proceso de aprendizaxe de cada un. Cunha avaliación deste tipo obtense o coñecemento previo sobre o nivel do alumnado, o cal é necesario para adecuar ou adaptar o programa de enseñanza ás condicións de aprendizaxe dos mesmos, cumpríndose desta forma a función reguladora que se asigna á avaliación. Enténdese que a avaliación inicial ha de atender máis cara aos posibles recursos e capacidades de alumnas e alumnos que ás posibles deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas.

As actividades iniciais propostas son:

- Preguntas abertas a todo o grupo ou algún alumno ou alumna en particular
- Observación directa do profesor nas tarefas de clase.

Ainda que se trata dunha materia novedosa para os alumnos todos teñen coñecementos previos dado que vivimos nun entorno económico e ademáis dende o inicio da crise o estudo dos fenómenos económicos trascende as aulas e está presente a diario nos medios de comunicación. Pode ser interesante coñecer o bagaxe de coñecementos que trae o alumnado para que sirva de partida para encarrilar os temas.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Nosa programación ten en conta que non todos os alumnos/as adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, tratamos de deseñala de modo que asegure un nivel mínimo para todos/as ao final do curso, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLASEN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Do mesmo xeito que no resto das materias, na materia de Economía traballárase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Así mesmo fomentáranse o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentáranse a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos o ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

- A) Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- B) Incorporáranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- C) Incorporáranse elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e

desenvolvemento dos diversos modelos de empresas a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

Está prevista unha charla sobre educación cívico-tributaria impartida pola Axencia Tributaria, así como outras de contido financeiro ou relacionadas con temas de actualidade como por exemplo sobre economía circular.

13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Análise periódica do grao de consecución do previsto na programación. Reflexión sobre os resultados académicos conseguidos o fin de realizar modificacións no caso de ser necesario. Revisión periódica nas reunións de seminario.

14.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Promover a lectura comprensiva dos alumnos a través de textos de contido económico: pensamento económico, artigos de actualidade de prensa e de revistas especializadas.

15.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TICS DO CENTRO

Promover o uso das TIC mediante ó uso dos medios informáticos do centro: pizarra dixital, aula informática, así como os que poidan ter en casa para a realización de tarefas da materia de Economía: búsqueda de información, manexo de estatísticas e textos con aplicacións informáticas tipo tratamento de textos e follas de cálculo.

PROGRAMACIÓN

INICIACIÓN

Á

ACTIVIDADE

EMPREENDEDORA

E

EMPRESARIAL

4º ESO

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Denominamos programación didáctica ao documento que recolle o conxunto de criterios e decisións que permiten adecuar o currículo, prescrito na normativa en vigor, a un determinado contexto educativo.

A programación didáctica de Iniciación á actividade emprendedora e empresarial de 4º ESO pretende a concreción dos elementos do currículo actual, coa finalidade de lograr os obxectivos así como o desenvolvemento das competencias clave expresados na norma, contribuíndo, do modo que esta determina, ao logro das finalidades da ESO nos ámbitos de aplicación da LOMCE.

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

O currículo establece os seguintes obxectivos xerais da ESO, que han de alcanzarse ao longo da etapa:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo

como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos

sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2 OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

En relación cos contidos propostos para a ESO, establecemos para a materia Iniciación á actividade emprendedora e empresarial no curso de 4º de ESO os seguintes obxectivos:

- Obj.IE.1. Comprender e valorar a figura do emprendedor como axente do cambio social, do desenvolvemento e da innovación, fomentando a creatividade como motor de emprendemento nos nosos mozos na sociedade actual.
- Obj.IE.2. Percibir os trazos que caracterizan á persoa emprendedora mediante exemplos reais de emprendedores.
- Obj.IE.3. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción socio-laboral, tendo en conta as características da súa contorna.
- Obj.IE.4. Fomentar a actuación como futuro traballador responsable, coñecendo os dereitos e deberes laborais.
- Obj.IE.5. Recoñecer o papel do Estado como garante social ante as contingencias que poidan xurdir nas relacións laborais.
- Obj.IE.6. Valorar a importancia da prevención dos riscos laborais.
- Obj.IE.7. Desenvolver capacidades para detectar necesidades non satisfeitas e constituír unha organización lucrativa ou non lucrativa, detallando a súa estrutura organizativa e as súas funcións, así como a súa función social.
- Obj.IE.8. Obter, seleccionar e interpretar información sobre os aspectos socioeconómicos, financeiros e humanos relevantes que afecten o proxecto.
- Obj.IE.9. Presentar as posibilidades do traballo na rede e a sociedade dixital que facilitan

a posta en marcha dun proxecto e o coñecemento dos organismos e institucións que brindan axuda ao emprendedor.

- Obj.IE.10. Analizar e valorar a importancia da elección da forma xurídica, así como os trámites necesarios para a posta en funcionamento da empresa.
- Obj.IE.11. Describir as posibles fontes financeiras ás que teñen acceso a través de exemplos prácticos, e optar pola máis adecuada.
- Obj.IE.12. Analizar a viabilidade económico-financeira do proxecto.
- Obj.IE.13. Coñecer as obrigacións fiscais das organizacións lucrativas e non lucrativas, valorando a achega que supoñen aos orzamentos públicos.

Para alcanzar os obxectivos desta materia, exporase un proceso de ensino e aprendizaxe eminentemente práctica, de tal modo que se forme ao alumno coas capacidades e coñecementos necesarios para que poida entender a realidade económica e empresarial que nos rodea, ademais de ser crítico con ela.

Teranse en conta, para iso, as seguintes recomendacións: relacionar o proceso de ensino-aprendizaxe coa vida real, facilitar a construción de aprendizaxes significativas, relacionando o que o alumno xa sabe cos novos contidos, favorecer a capacidade de aprender a aprender e crear un clima de aceptación e cooperación fomentando o traballo en grupo.

A metodoloxía utilizada combinará estratexias de exposición e de indagación ou descubrimento, que dependerá do tipo de contido. Así, a aprendizaxe dos contidos farase a través de didácticas concretas que poden ser moi variadas, como a realización de traballos de investigación tanto persoal como grupal e a súa posterior exposición, o estudo de casos reais, realización de debates sobre temas económicos de actualidade ou visitas a empresas e organismos económicos.

Na materia cobra gran importancia a realización de proxectos empresariais onde o alumno pode poñer en práctica o aprendido en cada unidade, así como axudar ao fomento do seu espírito emprendedor como proxecto de futuro. O estudo de casos de emprendedores de éxito na contorna do alumno e a incorporación das TIC formarán tamén parte esencial da metodoloxía de traballo.

3.- UNIDADES DIDÁCTICAS: Obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de avaliación dos mesmos

BLOQUES DE CONTIDO

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

COMPETENCIAS CLAVE

Entendemos por competencias clave aquelas capacidades que debe desenvolver o alumno ao finalizar o ciclo para aplicar de modo integrado os contidos da materia e asimilalos á súa propia realización persoal. As competencias clave contribuirán ao exercicio dunha cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e, en definitiva, desenvolver no alumno unha aprendizaxe permanente durante toda a súa vida.

Cada unha das materias contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, ao mesmo tempo, cada unha das competencias clave admite ser traballada desde diferentes materias.

A materia de Iniciación á actividade emprendedora e empresarial na Educación Secundaria Obrigatoria contribúe xunto ao resto a que o alumno adquira as capacidades que se buscan con cada competencia clave, pero tería especialmente a finalidade de desenvolver as competencias matemática, social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor, ademais da competencia financeira que se engade de modo extracurricular.

Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas competencias básicas, o currículo de Iniciación á actividade emprendedora e empresarial para 4.º ESO contribúe especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

a) Competencia en comunicación lingüística. Todas as materias deben contribuír á consecución desta competencia por parte do alumno. A lectura, ademais de ser fonte de pracer, facilita a interpretación e comprensión permitindo facer uso da lingua falada e escrita. a finalidade da materia de Iniciación á actividade emprendedora e empresarial para 4.º ESO radica primordialmente en alcanzar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao termo da etapa educativa haxan adquirido a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía en xeral e o emprendemento en particular da prensa xeneralista, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido empresarial correctamente. Tal desenvolvemento permitiralles construír o pensamento e expresar opinións fundadas sobre as mesmas.

A materia contribuirá á adquisición da competencia lingüística mediante a introdución de distintas lecturas ao longo de todos os temas: conto inicial, actividades resoltas, proxecto emprendedor, comentarios de texto, ou a confección de actividades específicas de procura de información, de debate e análise. O alumnado aprenderá tamén terminoloxía económica e empresarial presente nos medios de comunicación e en diferentes tipos de documentos relacionados co mundo da empresa.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A adquisición destas competencias por parte do alumno supoñerá que teña a capacidade de poñer en práctica procesos de razoamento que lle leven á solución de problemas da vida cotiá. A competencia levará tamén a que poida razoar os problemas para extraer información, sendo capaz de identificar a validez dos razoamentos e dos resultados obtidos.

A asignatura contribúe á adquisición destas competencias coa introdución nas distintas unidades de ferramentas matemáticas e estatísticas para a resolución de problemas, ademais da lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas para distintos cálculos da empresa nos proxectos emprendedores propostos como

os custos, punto morto, rátios etc.

c) Competencia dixital. Os contidos, criterios e estándares de avaliación oficiais da materia incorporan o coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas: os sistemas de tratamento de textos, bases de datos, almacenamento e xestión de información, correo electrónico, etc. A materia procura desenvolver no alumnado a capacidade de buscar, obter e tratar a información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia e diferenciando entre información real e virtual. Outro obxectivo do proxecto é o de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e permitir aos alumnos adquirir a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados na internet. Ao mesmo tempo, preténdese que alcancen a capacidade de saber como empregar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación en proxectos empresariais.

A materia axudará á consecución desta competencia nos distintos bloques de contido por canto o alumno deberá investigar con medios telemáticos sobre diferentes áreas de actividade profesional no deseño do seu itinerario laboral persoal, así como para o coñecemento dos seus dereitos e obrigacións como traballador en relación coa Seguridade Social. O alumno tamén utilizará aplicacións informáticas para a xestión financeira e comercial, o seguimento de provedores e clientes, a transmisión de información entre áreas, a creación de materiais para a difusión do plan de comercialización, a presentación do estudo de viabilidade económico-financeiro, e na relación da empresa coas Administracións Públicas a través de medios telemáticos.

d) Competencia para aprender a aprender. A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. A programación para a materia busca que o alumno teña a capacidade para motivarse por aprender, que á súa vez depende de que se xere a curiosidade e a necesidade desa aprendizaxe.

O proxecto presentado busca, a través do modo en que se presentan os contidos e do tipo de actividades expostas, que o estudante sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas propostas. A metodoloxía utilizada

no proxecto é eminentemente práctica, buscando que o alumno aplique os contidos aprendidos a diferentes situacións sociais e persoais.

Moitas das actividades presentadas en cada unidade mostran tamén ese carácter competencial que permite a aprendizaxe permanente (actividades de debate, procura de información, comentarios de texto, proxecto emprendedor, etc.)

e) Competencia social e cívica. A competencia social e cívica ten como obxectivo que o alumno logre un desenvolvemento persoal e profesional que lle permita unha eficaz incorporación á sociedade e a unha contorna laboral real. Neste sentido, a economía e a actividade emprendedora que desenvolven as empresas son unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar plenamente na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamentos dos demais, respectando a diversidade. Por outra banda, a sociedade reclama cada vez máis a presenza de persoas emprendedoras con ideas propias e iniciativa, que, de forma responsable estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora esa sociedade.

Tendo en conta todo o anterior, o proxecto para a materia busca formar un espírito crítico e reflexivo no alumno sobre os problemas éticos e sociais que en ocasións presentan as empresas coa súa actividade.

A programación aborda o coñecemento do papel do empresario e o seu rol na xeración de traballo e benestar social, así como o estudo das posibilidades que a contorna ofrece en canto ás aspiracións persoais e empresariais do alumno. Ao longo das distintas unidades didácticas desenvoltas na programación, exponse, dentro dos contidos, actividades e proxectos de emprendemento presentados, conceptos claramente relacionados con esta competencia crave como son as normas e institucións que interveñen no mercado laboral, os dereitos e obrigacións derivados das relacións laborais en materia de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais, a necesidade de incluír obxectivos sociais derivados da responsabilidade social da empresa ou a obrigaón de facer fronte ás obrigacións fiscais dunha forma ética e responsable.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. É a competencia máis directamente relacionada

coa materia. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo.

O deseño da programación da materia de Iniciación á actividade emprendedora e empresarial para 4.º ESO pretende formar ao alumnado sobre diferentes contidos moi relevantes para o desenvolvemento desta competencia. Introdúcense coñecementos científicos para a planificación, organización, execución e avaliación de proxectos tanto de emprendemento persoal como empresarial que permitan xerar emprego e benestar.

Inclúense coñecementos e destrezas relacionados co mundo do traballo, a educación económica, a financeira e a organización empresarial., presentando os contidos e as actividades de modo que se fomente a capacidade de pensamento creativo do alumno, aspecto este fundamental para o nacemento dos emprendedores.

Ao longo das distintas unidades didácticas cobra gran importancia as actividades incluídas dentro do “proxecto emprendedor” que axudarán ao alumno ao seguinte:

f.1) No primeiro trimestre o alumno poderá expor un proxecto emprendedor persoal que desenvolva a súa futura carreira profesional a través da reflexión sobre as súas calidades persoais e as posibilidades que lle ofrece a súa contorna.

f.2) No segundo e terceiro trimestre os alumnos poderán ampliar os seus coñecementos sobre o funcionamento das sociedades empresariais, tanto desde o punto de vista do seu funcionamento e obxectivos económicos, como desde o punto de vista ético e de responsabilidade social. Os alumnos aprenderán tamén a desenvolver o seu propio proxecto empresarial seguindo as pautas que se expoñen nas diferentes unidades.

g) Conciencia e expresións culturais. Aínda que non é unha competencia directamente relacionada coa materia, o ensino da mesma tamén debe contribuír a conseguila desde o punto de vista da valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas que teñen a súa repercusión tamén no mundo da empresa e do emprendemento.

A Iniciación á actividade emprendedora e empresarial en 4.º ESO inclúe esta competencia en distintas actividades do proxecto emprendedor como son a creación de materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto, o plan de comunicación na internet e en redes sociais, ou a importancia de adaptar o produto á cultura de cada tipo de consumidor.

Ao longo de toda a programación pretendeuse tamén fomentar valores e actitudes de tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e a liberdade de expresión. Fíxose énfase no desenvolvemento da creatividade para a procura de necesidades no consumidor e posteriormente a súa transformación en ideas emprendedoras, tendo en conta o respecto ás diferenzas sociais e culturais da sociedade.

h) “Competencia financeira”. (Extracurricular) Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da etapa. A introdución da educación financeira nos currículos de Educación Secundaria é cada vez maior e vén dada polas recomendacións da UE e da OCDE que mesmo a inclúe xa dentro das avaliacións realizadas nos informes PISA

As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van desde as cada vez máis frecuentes crises económicas, aos axustes nos sistemas de axudas públicas ou os cambios demográficos que supoñen o progresivo envellecemento da poboación nos países desenvolto. Neste contexto faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible.

A materia aborda este tipo de ensinamentos buscando no alumno a adquisición de capacidades que lles permitan abordar con éxito proxectos emprendedores. O alumno debe ser consciente da importancia que ten no futuro da empresa a toma de decisións financeiras de modo acertado.

Ao longo do apartado dedicado ao proxecto emprendedor o alumno aprenderá a valorar as diferentes formas de financiamento empresarial, os distintos produtos financeiros que están a disposición das empresas, ou a valorar a viabilidade futura da empresa utilizando unha serie de instrumentos económico financeiros.

OBXETIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS AVALIACIÓN , ESTÁNDARES E COMPETENCIAS CLAVE

	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares	de Competencias clave

			aprendizaxe	
	Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. ▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE

			requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Dereito do traballo. ▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. ▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. ▪ B1.7. Seguridade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

	<p>Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. ▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. 	<p>protección dos riscos laborais.</p>		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE

			<p>dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</p>	
			<p>▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou</p>	<p>▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT</p>

			dano.	
Bloque 2. Proxecto de empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa. ▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa. ▪ B2.3. Plan de empresa. ▪ B2.4. Planificación na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD

			<p>constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).</p>	
			<p>▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT
			<p>▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT

			prazo.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT

			<p>aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing. ▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA

			os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 3. Finanzas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. ▪ B3.2. Elección da forma xurídica. ▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT

		capital.		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT

			<p>caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios). ▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD

	empresas (PEMES): comparación.			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.2.2. Carateriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financ eira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas. ▪ B3.7. Impostos que afectan as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financ eir o a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT

	<p>empresas. Calendario fiscal.</p>		<p>estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</p>	
			<p>▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
			<p>▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE,</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE

			IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	
			▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	▪ CSC ▪ CAA

TEMPORALIZACIÓN

Os bloques de contido establecidos polo currículo correspóndense coas seguintes unidades do libro de texto:

- Unidade 1. A iniciativa emprendedora
- Unidade 2. Carrera profesional y búsqueda de empleo
- Unidade 3. El trabajo y las relaciones laborales
- Unidade 4. La Seguridad Social y los riesgos laborales
- Unidade 5. La idea de negocio y los elementos de la empresa
- Unidade 6. El plan de empresa
- Unidade 7. La información en la empresa
- Unidade 8. El área de producción, el área comercial y el marketing
- Unidade 9. Formas jurídicas de las empresas
- Unidade 10. Inversión y financiación
- Unidade 11. Los impuestos y la empresa
- Unidade 12. Balance de situación y viabilidad de la empresa

Co ánimo de facilitar a aprendizaxe ao alumnado, intentarase seguir a orde do libro de texto de referencia da materia da editorial tulifrodefp.com. Esta temporalización ten un carácter meramente orientativo. Intentarase impartir as seguintes unidades didácticas por avaliación.

- 1ª Avaliación : unidades 1,2,3 e 4.
- 2ª Avaliación : unidades 5, 6,7 e 8.
- 3ª Avaliación : unidades 9, 10,11 e 12

Se o calendario ou as características do grupo non o permite, procederase a unha restructuración das unidades baseándose na carácter dinámica da programación didáctica de aula.

No caso que a pandemia, puidese impedir o normal desenvolvemento presencial da docencia na aula, facendoa semipresencial ou mesmo non presencial, empregaremos os medios tecnolóxicos que temos postos á nosa disposición por parte da consellería (moodle, videoconferencia, etc.) co obxectivo de adquirir as competencias clave.

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

METODOLOXÍA XERAL

A metodoloxía didáctica basearase nos seguintes principios xerais:

- O proceso de ensino e aprendizaxe construírse a partir dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos, dos seus intereses e motivacións.
- O alumno eríxese como centro do proceso de ensino-aprendizaxe, como construtor do seu propio coñecemento. Fomentarase a súa participación activa de maneira que vaia asumindo progresivamente un maior protagonismo, autonomía e responsabilidade.
- As aprendizaxes deben ser autenticamente significativos, deben permitir relacionar a información nova coa que xa posúen os alumnos, e deben ser funcionais, é dicir, deben permitir a súa translación e aplicación á vida, para asegurar así a utilidade do aprendido.
- Fomentarase o autoaprendizaxe. Os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender e de pensar de maneira crítica. As metodoloxías deberán ser eminentemente activas e

participativas e deberán favorecer o desenvolvemento da capacidade do alumno para aprender en por si e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, etc.).

- Débense ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. O docente asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumno.
- Utilizaranse a retroalimentación e a metacognición como elementos de avaliación continua que axuden en todo momento ao alumno para reconducir e avanzar na súa aprendizaxe.
- Farase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas que o alumno debe encarar facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Fomentarase o aproveitamento das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) como ferramentas motivadoras e fontes proveedoras de información.
- As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares
- Promoverase o traballo por proxectos para axudar ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA DE TRABALLO NA AULA

A metodoloxía de IAEE será eminentemente práctica e aínda sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada a dar unha explicación e un mellor coñecemento dunha sociedade onde os

fenómenos empresariais desempeñan un papel importante.

O emprego da aula informática para a realización dun proxecto empresarial que abrangue todo o curso no que se aplicarán os coñecementos teóricos dos contidos da materia.

Dito isto, e volvendo a estrutura das clases, engadir que estas serán teórico-prácticas. Unha primeira fase será teórica e nunha segunda fase desenvolveranse os aspectos prácticos, atendendo as particularidades de cada bloque temático e de maneira específica, a unidade didáctica a desenrolar.

Para fomentar a iniciativa e o espírito emprendedor no alumnado, realizarase ao menos unha visita dunha persona que a través dunha charla lles sirva de estímulo para fomentar a actividade.

A parte teórica basearase nas explicacións dos contidos da materia.

En definitiva, tratarase de dar un enfoque práctico, actualizado e vinculado ó entorno inmediato do alumno

As clases prácticas levaranse a cabo dunha forma participativa pero ordenada, de maneira que exista o ambiente de traballo adecuado que permita efectuar a actividade nas mellores condicións posibles. Fomentarase o sentido crítico e o aprendizaxe baseado na combinación de traballo persoal e observación e análise das tarefas desenvolvidas polos demais. Valorarase especialmente todos os aspectos relacionados coa colaboración entre alumnos, como un método eficaz para acadar resultados óptimos.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A diversidade metodolóxica aconsella utilizar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar aos alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contidos teóricos e para trasladar aos alumnos/ as a visión e os obxectivos xerais a alcanzar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizaranse esquemas, diagramas e mapas conceptuais, entre outros recursos.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrontar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestións nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos aprendidos e de interiorización dos valores actitudinais desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas expostos.

Sempre que a situación epidemiolóxica o faga posible, contaremos ca visita de profesionais externos que acheguen ao alumnado a realidade tanto de contidos relativos ao emprendemento, así como de outras profesións, como a de comercio.

Tamén nos desplazaremos, se é posible, a empresas da contorna, que permitan achegarnos á realidade e complementar deste xeito a visión teórica.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE PODEN UTILIZAR

O alumnado traballará co libro de texto e os apuntes e actividades aportados e propostos polo profesor:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Plan de aprovisionamento. ▪ B4.2. Xestión de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Establecer os obxectivos e as necesidades de aprovisionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.1.1. Deseña un plan de aprovisionamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.1.2. Aplica métodos de valoración de existencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Selección de provedores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Realizar procesos de selección de provedores analizando as condicións técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.2.1. Identifica os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.2.2. Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores en liña e offline. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.2.3. Relaciona e compara as ofertas de provedores, utilizando diversos criterios de selección, e explica as vantaxes e os inconvenientes de cada unha. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Xestión de compras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Planificar a xestión das relacións con provedores, aplicando técnicas de negociación e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.3.1. Identifica e aplica técnicas de negociación e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.3.2. Recoñece as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
Bloque 5. Xestión comercial e márketing na empresa			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Xestión comercial na empresa. Plan de márketing. Márketing-mix. ▪ B5.2. Análise do mercado e do comportamento do/da consumidor/a. Atención á clientela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Desenvolver a comercialización dos produtos ou servizos da empresa e o plan de márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB5.1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB5.1.2. Explica as características da clientela potencial da empresa e identifica o comportamento dos competidores desta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB5.1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención á clientela e operacións comerciais. ▪ FAXB5.1.4. Realiza unha previsión de vendas a curto e a medio prazo, manexando a folia de cálculo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Produto e prezo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Fixar os prezos de comercialización dos produtos ou os servizos, e comparalos cos da competencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB5.2.1. Reflexiona sobre as estratexias de prezos tendo en conta as características do produto ou do servizo, e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Publicidade e promoción. ▪ B5.5. Distribución dos produtos e dos servizos da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Analizar as políticas de marketing aplicadas á xestión comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB5.3.1. Elabora un plan de medios onde se describan as accións de promoción e publicidade para atraer a clientela potencial, facendo especial fincapé nas aplicadas en internet e dispositivos móbiles. ▪ FAXB5.3.2. Valora e explica as canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT
Bloque 6. Xestión dos recursos humanos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ e ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Planificación dos recursos humanos. ▪ B6.2. Recrutamento e selección de persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Planificar a xestión dos recursos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.1.1. Avalia as necesidades da empresa, e analiza e describe os postos de traballo. ▪ FAXB6.1.2. Identifica as fontes de recrutamento, así como as fases do proceso de selección de persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Xestión laboral, contratación, Seguridade Social e nóminas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Xestionar a documentación que xera o proceso de selección e contratación de persoal, aplicando as normas vixentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.1. Analiza e aplica para a empresa as formalidades e as modalidades documentais de contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.2. Identifica as subvencións e os incentivos á contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.3. Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB6.2.4. Analiza os documentos do proceso de retribución e cotización do persoal e de xustificación do pagamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Fundamentos de contabilidade financeira. ▪ B7.2. Plan Xeral de Contabilidade. ▪ B7.3. Ciclo contable. ▪ B7.4. Fiscalidade da empresa: liquidación e rexistro contable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Contabilizar os feitos contables derivados das operacións da empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.1. Opera cos elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.3. Identifica o concepto de amortización e procede ao seu rexistro contable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.4. Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.5. Distingue as fases do ciclo contable, analiza o proceso contable de pechamento de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.6. Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB7.1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 8. Inversión e xestión financeira. Viabilidade da empresa				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Estrutura económica e financeira da empresa. Equilibrio patrimonial. ▪ B8.2. Planificación financeira da empresa. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Determinar o investimento necesario e as necesidades financeiras para a empresa, identificando as alternativas de financiamento posibles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente. ▪ FAXB8.1.2. Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa. ▪ FAXB8.1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Métodos de selección e valoración de investimentos. ▪ B8.4. Análise da viabilidade da empresa. ▪ B8.5. Solvencia e liquidez na empresa. Previsións de tesouraría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Avaliar a viabilidade da empresa, de acordo con diferentes tipos de análise. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental. ▪ FAXB8.2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha. ▪ FAXB8.2.3. Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.6. Custo e selección de fontes financeiras. Axudas á creación de empresas en Galicia. ▪ B8.7. Morosidade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Analizar e verificar o acceso ás fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións. ▪ FAXB8.3.2. Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. ▪ FAXB8.3.3. Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. ▪ FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE

Fundamentos de Administración e Xestión. 2º de bacharelato				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 9. Presentación da idea de negocio				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Plan de negocio. Técnicas de presentación e edición do plan de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Expor e comunicar publicamente o proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB9.1.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Ferramentas audiovisuais para a presentación de proxectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Utilizar ferramentas informáticas que apoian a comunicación e a presentación do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB9.2.1. Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CMCCT

Os bloques anteriormente citados que establece o currículo, correspóndese cas seguintes unidades do libro de texto:

- 1.- La idea, el emprendedor y el plan de negocio.
- 2.- La organización interna de la empresa. Forma jurídica y recursos.
- 3.- Documentación y trámites para la puesta en marcha de la empresa.
- 4.- Introducción a la contabilidad de la empresa.
- 5.- El plan de aprovisionamiento.
- 6.- Gestión comercial y de marketing de la empresa.
- 7.- Gestión de los recursos humanos.
- 8.- Gestión de la contabilidad de la empresa.
- 9.- Gestión de las necesidades de inversión y financiación. Viabilidad de la empresa.
- 10.- Exposición pública del desarrollo de la idea de negocio.

Se motivado pola pandemia, se puiden impedir o normal desenvolvemento presencial da docencia na aula, facendola semipresencial ou mesmo non presencial, empregariamos os medios tecnolóxicos que temos postos á nosa disposición por parte da consellería (moodle, videoconferencia, etc.) co obxectivo de adquirir as competencias clave. (Véase anexo final).

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

METODOLOXÍA XERAL

A metodoloxía didáctica basearase nos seguintes principios xerais:

- O proceso de ensino e aprendizaxe constrúese a partir dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos, dos seus intereses e motivacións.
- O alumno eríxese como centro do proceso de ensino-aprendizaxe, como construtor do seu propio coñecemento. Fomentárase a súa participación activa de maneira que vaia asumindo progresivamente un maior protagonismo, autonomía e responsabilidade.
- As aprendizaxes deben ser autenticamente significativas, deben permitir relacionar a información nova coa que xa posúen os alumnos, e deben ser funcionais, é dicir, deben permitir a súa translación e aplicación á vida, para asegurar así a utilidade do aprendido.
- Fomentárase o autoaprendizaxe. Os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender e de pensar de maneira crítica. As metodoloxías deberán ser eminentemente activas e participativas e deberán favorecer o desenvolvemento da capacidade do alumno para aprender en por si e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, etc.).
- Débense ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. O docente asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumno.
- Utilizaranse a retroalimentación e a metacognición como elementos de avaliación continua que axuden en todo momento ao alumno para reconducir e avanzar na súa aprendizaxe.
- Farase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas que o alumno debe encarar facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Fomentárase o aproveitamento das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) como ferramentas motivadoras e fontes provedoras de información.

- As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares
- Promoverase o traballo por proxectos para axudar ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA

A metodoloxía de Economía será eminentemente práctica e aínda sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada a dar unha explicación e un mellor coñecemento dunha sociedade onde os fenómenos empresariais desempeñan un papel importante.

A metodoloxía proposta pretende adecuar a materia co contexto sociocultural en que se atope o alumnado con especial referencia á realidade local ou galega en xeral. Preténdese mostrar os problemas económicos e empresariais do contorno para que o seu estudio resulte máis próximo e útil. Para este cometido, precísase usar medios de comunicacións locais e rexionais que permitan coñecer o tecido erial da zona e a súa repercusión no conxunto rexional e nacional. É importante que o alumnado aprenda a manexar información fora dos cánones habituais, é dicir, se ben o libro de texto resulta ser unha fonte de información de apoio importante, coñecer as noticias económicas de actualidade e poder interpretalas, axuda enormemente a xerar un mapa conceptual importante da realidade que nos rodea toda vez que potencia enormemente o sentido crítico dos alumnos.

Dito isto, e volvendo a estrutura das clases, engadir que estas serán teórico-prácticas. Unha primeira fase será teórica e nunha segunda fase desenvolveranse os aspectos prácticos, atendendo as particularidades de cada bloque temático e de maneira específica, a unidade didáctica a desenrolar.

A parte teórica basearase nas explicacións dos contidos da materia.

En definitiva, tratarase de dar un enfoque práctico, actualizado e vinculado ó entorno inmediato do alumno, utilizando material contido na prensa diaria de ámbito local e estatal, para a realización dos exercicios e o analizando casos prácticos a partir de empresas galegas. A partir dunha introdución na que se relacionará cada unidade cos conceptos aprendidos e os procedementos utilizados nas unidades anteriores, realizarase una explicación teórica do conxunto, apoiada na utilización de esquemas, gráficos. Preténdese que a exposición sexa participativa, de tal forma que se farán preguntas ó conxunto da clase óu individualizadas, para comprobar a comprensión do exposto.

As clases prácticas levaranse a cabo dunha forma participativa pero ordenada, de maneira que exista o ambiente de traballo adecuado que permita efectuar a actividade nas mellores condicións posibles. Fomentarase o sentido crítico e o aprendizaxe baseado na combinación de traballo persoal e observación e análise das tarefas desenvolvidas polos demais. Valoraranse especialmente todos os aspectos relacionados coa colaboración entre alumnos, como un método eficaz para acadar resultados óptimos.

Os contidos apoiaranse en instrumentos de análise matemático e estatístico, como soporte da información e como expresión das relacións económicas, á nivel do alumno. Propóranse lecturas e análise de textos de contido económico a partir de un guión proposto polo profesor

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A diversidade metodolóxica aconsella utilizar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar aos alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contidos teóricos e para trasladar aos alumnos/ as a visión e os obxectivos xerais a

alcanzar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizaranse esquemas, diagramas e mapas conceptuais, entre outros recursos.

A título orientativo e como estratexia de ensino expositivo, sería recomendable estruturar a aprendizaxe dos contidos, comezando pola descrición da empresa como axente económico e as súas relacións coa contorna, para continuar co estudo detallado e interrelacionado das distintas áreas funcionais que a integran.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrontar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestións nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos aprendidos e de interiorización dos valores actitudinais desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas expostos.

METODOLOXÍA DE TRABALLO NA AULA

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da materia. Indicaranse os obxectivos e contidos máis importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos das/os alumnas/vos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios.

O expresado anteriormente traducirase na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

- Introducción á unidade de traballo co fin de motivar aos alumnos/ as.

- Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos para familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarase a súa relación co resto de contidos xa abordados ou aínda pendentes de estudo. Clarificarase o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedimental e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:
- Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.
- Lectura do índice de contidos de cada unidade.

Análise dos coñecementos previos dos alumnos/ as.

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Desta maneira preténdese predisporlos favorablemente aos contidos e ao propio desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestións iniciais poderanse realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates. Para iso poderemos utilizar:

- Formulación das “Actividades iniciais” de comezo da unidade.
- Proxección de vídeos introductorios da unidade.
- Análise da imaxe inicial que ilustra a unidade.
- Lectura e análise da cita que figura ao comezo de cada unidade
- Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose no libro de texto. O seu papel debe de ser de motivador, de dinamizador

e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dunha maneira atractiva, clara, buscando a participación de todos alumnos/ as, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo na aula.

Farase uso de variados recursos didácticos: esquemas, mapas conceptuais, exercicios, exemplos referidos á contorna máis próxima, análise de casos, comentarios de artigos de prensa, procuras na internet, vídeos ou curtos de películas etc., coa finalidade de reforzar a aprendizaxe dos conceptos e alcanzar as competencias básicas. Un aspecto moi importante a resaltar será o uso das tecnoloxías de a información e a comunicación e en especial as clases investidas.

As clases investidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedimental dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

Traballo individual dos alumnos/ as desenvolvendo as actividades propostas.

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e no seu caso ampliar o aprendido. Estas actividades iranse expondo a medida que se desenvolvan as unidades e dunha maneira gradual, de menor a maior grao de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno/a. Todo este traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades para realizar serán:

- Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.
- Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos.

- Actividades de ampliación máis complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos que requirirán un esforzo de indagación e o uso das TIC.
- Actividades relacionadas coas clases investidas.
- Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (aprendizaxe baseada en problemas, actividades de pensamento crítico, etc.), sempre e cando a situación da pandemia do Covid así o permita lóxicamente, para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. As actividades para realizar serán:

- Actividades propostas no desenvolvemento dalgunhas unidades.
- Lecturas ao final de cada unidade con intercambio de preguntas e respostas.
- Actividades de apoio e reforzo das clases investidas.
- Variedade de instrumentos didácticos.

A presenza de distintos formatos (libro do alumno, recursos dixitais; textos; táboas, gráficas, esquemas, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaranse os contidos estudados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso poderase utilizar:

- Resumos ao final de cada unidade.

- Sopas de letras de conceptos básicos analizados na unidade.
- Preguntas tipo test finais.
- Mapas conceptuais ao final de cada unidade.

Nesta proposta didáctica propónse a combinación de unidades teóricas e unidades prácticas en cada avaliación. Con iso preténdese facer máis dinámicas as clases, evitando caer na monotonía que supón facer a materia excesivamente teórica. Iso redundará nunha maior motivación e unha mellor asimilación dos contidos.

Recuperaremos ademais o achegamento á realidade a través da realización de visitas a empresas, que amosen diversos xeitos de acometer un plan de negocio.

Tamén contaremos ca visita de persoas que nos permitan mergurlarnos, por exemplo, no mundo do emprendemento ou do sistema impositivo para complementar o entendemento das cuestións incluídas no currículo relativas a estes contidos.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE PODEN UTILIZAR

Os alumnos e alumnas, disporán para traballar do libro de texto antes mencionado, así como outras actividades e casos aportados e propostos polo profesor:

- Libro de texto: Fundamentos de administración e xestión 2º Bacharelato de McGrawHill
- Outros libros de texto do departamento de distintas editoriais
- Clases impartidas na aula informática con acceso a Internet.
- Participación no concurso on line Young Business Talents de simulación empresarial do funcionamento dunha empresa.

6 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A información que proporciona a avaliación debe servir como punto de referencia para a actualización pedagóxica. Deberá ser individualizada, personalizada, continua e integrada.

A dimensión individualizada contribúe a ofrecer información sobre a evolución de cada alumno, sobre a súa situación con respecto ao proceso de aprendizaxe.

O carácter personalizado fai que a avaliación tome en consideración a totalidade da persoa. O alumno toma conciencia de si, responsabilízase.

A avaliación continuada e integrada no ritmo da clase informa sobre a evolución dos alumnos, as súas dificultades e progresos.

A avaliación do proceso de aprendizaxe, é dicir, a avaliación do grao en que os alumnos e alumnas van alcanzando os obxectivos didácticos, pode realizarse a través dunha serie de actividades propostas ao ritmo do desenvolvemento da aprendizaxe de cada unidade, é dicir, a través do control da realización de actividades, a súa corrección en clase ou entrega das mesmas ao profesor, preguntas directas aos alumnos, intervención destes completando parte da explicación ou lembrando contidos xa estudados, etc.

As actividades que se inclúen en ladillo, así como as que aparecen ao final das explicacións teóricas de cada epígrafe, van especialmente destinadas a guiar ao profesor na avaliación do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución final obtido polos alumnos respecto a os obxectivos didácticos expostos en cada unidade, pódese avaliar a través das probas de avaliación que se estime necesario aplicar e a través das actividades correspondentes.

A avaliación realizarase considerando os seguintes instrumentos:

- Observación: do traballo individual do alumno, a súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa iniciativa, autoconfianza e interese. Algunhas destas observacións pódense realizar mediante as actividades presentes no texto.

- Revisión dos traballos dos alumnos, realizados nos seus cadernos.
- As probas de avaliación: nas que se valorarán os coñecementos, grao de comprensión, capacidade de aplicación dos coñecementos a novas situacións e a habilidade para analizar e sintetizar informacións e datos. Estas probas poden ser de diferentes tipos:
 - Avaliación inicial, mediante preguntas, que permita saber de que grao de coñecementos parten os alumnos, antes da explicación de cada unidade e ao principio de curso.
 - Exercicios onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos en clase. Estes poden ser as actividades ou tarefas presentes no libro e ser corrixidos en clase.
 - Presentación de traballos e comentarios de texto.
 - Controis periódicos.
- Autoevaluación: que será unha reflexión crítica que cada alumno debe facer sobre a súa propia aprendizaxe e o profesor sobre o seu método de ensino.

Non se realizarán probas de recuperación.

Os criterios que usaremos para a cualificación correspóndense cos criterios de avaliación que establece a LOMCE. Estes criterios desagreganse nunha serie de estándares que son de obrigado cumprimento, e que supoñen a recollida obxectiva dunha serie de anotacións sobre cada un dos alumnos.

A nota final do alumno estará formada, pola suma de dous bloques:

1. Cun 50% da nota (5 puntos) valoraranse:
 - As actividades de aula propostas, realizadas e presentadas dentro dos tempos previstos e acordados polo profesor. Inclúese aquí o proxecto emprendedor desenvolto na derradeira avaliación.
 - A orde e o rigor na elaboración das diferentes actividades propostas.
 - A participación e intervención nas clases.

- O interese polo traballo na aula.
3. Cun 50% da nota (5 puntos) valoraranse as diferentes probas individuais escritas, tendo en conta que en ningún caso faranse medias con notas inferiores aos 3 puntos, tendo previsto facer unha proba por avaliación. O alumando que sexa sorprendido copiando, terá unha calificación de cero nessa proba.

Para ter superada a materia a nota media das tres avaliacións terá que ser como mínimo de 5. Nunca se fará media de avaliacións cunha avaliación con nota inferior a 3. No caso de non conseguir un mínimo dun 5 na media das avaliación farase unha proba de recuperación no mes de xuño das avaliacións suspensas. De non conseguir avaliación positiva na nota final da avaliación común de xuño o alumno terá que facer unha proba escrita no periodo extraordinario, que abarca todo o contido da materia.

RECUPERACIÓN AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Non se realizarán probas de recuperación. A recuperación dunha avaliación, poderase obter mediante o aprobado na seguinte

Os criterios que usaremos para a cualificación correspóndense cos criterios de avaliación que establece a LOMCE. Estes criterios desagreganse nunha serie de estándares que son de obrigado cumprimento, e que supoñen a recollida obxectiva dunha serie de anotacións sobre cada un dos alumnos.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN EXTRAORDINARIA.

Para aquel alumnado que non acade a cualificación mínima de 5 puntos na avaliación final do módulo produto dá nota media das calificacións das 3 avaliacións, realizará un exame global da materia no mes de Xuño.

7 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Trátase de reflexionar sobre a actuación do profesor sobre os alumnos e sobre todos os aspectos recolleitos na programación. Neste sentido establezo os seguintes indicadores de logro:

Sobre os materiais utilizados: accesibles, atractivos, suficientes

Si a planificación foi a adecuada: número e duración das actividades, dificultade, interese para os alumnos, significatividad para o proceso de aprendizaxe, con obxectivos ben definidos,etc

Si souben motivar aos alumnos, espertar a súa curiosidade, crear o conflito cognitivo, si todos participan activamente, si conseguen o seu nivel adecuado de desenvolvemento.

Si hei ter en conta a atención á diversidade, que uso deille ás TIC, si se trataron adecuadamente os temas transversais

8 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Farase avaliación continua, de forma que aprobando a terceira avaliación quedarán aprobadas as anteriores. Nas probas escritas que se poidan facer nas avaliacións poderanse incluír cuestións das avaliacións anteriores nas que o alumno non alcanzase os mínimos esixidos.

9 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Un aspecto moi importante da avaliación inicial é a identificación dos coñecementos previos sobre os que se van a construír as novas aprendizaxes. Non hai que obviar

que esta avaliación vai crear e adecuar as expectativas que tanto o alumnado como o profesorado teñen como punto de partida.

Ao dar un diagnóstico do alumno, a avaliación inicial posibilita recoñecer os recursos, potencialidades, dificultades do proceso de aprendizaxe de cada un. Cunha avaliación deste tipo obtense o coñecemento previo sobre o nivel do alumnado, o cal é necesario para adecuar ou adaptar o programa de enseñanza ás condicións de aprendizaxe dos mesmos, cumpríndose desta forma a función reguladora que se asigna á avaliación. Enténdese que a avaliación inicial ha de atender máis cara aos posibles recursos e capacidades de alumnas e alumnos que ás posibles deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas.

As actividades iniciais propostas son:

- Preguntas abertas a todo o grupo ou algún alumno ou alumna en particular
- Observación directa do profesor nas tarefas de clase.

Ainda que se trata dunha materia novedosa para os alumnos todos teñen coñecementos previos dado que vivimos nun entorno económico e ademais dende o inicio da crise o estudo dos fenómenos económicos trascende as aulas e está presente a diario nos medios de comunicación. Pode ser interesante coñecer o bagaxe de coñecementos que trae o alumnado para que sirva de partida para encarrilar os temas.

10 MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Nosa programación ten en conta que non todos os alumnos/as adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, tratamos de deseñala de modo que asegure un nivel mínimo para todos/as ao final do curso, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

11 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLASEN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Do mesmo xeito que no resto das materias, na materia de Economía traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica

e constitucional. Así mesmo fomentaranse o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentaranse a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

- A) Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- B) Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- C) Incorporaranse elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

Tense previsto a visita a empresas para ver de forma práctica os contidos da materia, así com a realización dun proxecto de empresa na última avaliación.

13 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Análise periódica do grao de consecución do previsto na programación. Reflexión sobre os resultados académicos conseguidos o fin de realizar modificacións no caso de ser necesario. Revisión periódica nas reunións de seminario.

14 ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Promover a lectura comprensiva dos alumnos a través de textos de contido económico: pensamento económico, artigos de actualidade de prensa e de revistas especializadas.

15 ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TICS DO CENTRO

Promover o uso das TIC mediante ó uso dos medios informáticos do centro: pizarra dixital, aula informática, así como os que poidan ter en casa para a realización de tarefas da materia de FAG: búsqueda de información, manexo de estatísticas e textos con aplicacións informáticas tipo tratamento de textos e follas de cálculo.

ANEXO

No caso de non poder completar o curso de modo presencial, contemplarase a continuación da docencia de modo virtual tal como describo a continuación.

Cabe destacar que as materias impartidas neste departamento, non teñen continuidade entre sí. Así por exemplo, a Economía de 1º de Bacharelato, non ten continuidade en 2º de Bacharelato nin na materia de Economía de Empresa, nin na de Fundamentos de Administración e Xestión. De feito, pode darse o caso que cursando Economía en 1º non se curse ningunha das dúas materias anteriormente referidas. Sucede o mesmo cas materias de 4º, Economía e Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, en relación ca Economía de 1º de Bacharelato.

Feita a puntualización anterior, indicar que no caso de producirse un novo confinamento e/ou ter que continuar o proceso de ensino a distancia, para o cálculo das cualificacións, terase en conta o traballo feito no periodo presencial e ponderarase con tempo de formación virtual de modo proporcional.

O alumnado deberá completar as tarefas enviadas principalmente pola plataforma Classroom ou ben a través de correo electrónico consistentes en exercicios tanto da unidade que estemos impartindo, como de repaso (especialmente no caso de 2º de Bacharelato ou con avaliacións suspensas), cuestionarios, lectura de artigos de actualidade en relación coa economía e o COVID-19, así como de materiais de reforzo e ampliación. Recepción, análise, revisión e corrección das tarefas entregadas polo alumnado.

Tamén se prepararán vídeos/tutoriais screencast-o-matic.com e envíos de enlace a través de gmail.

Os principais e recursos que se empregarán serían a Plataforma G Suite do IES Ribeira do Louro, aula virtual, e tamén correo electrónico, aplicación para elaboración de vídeos screencast-o-matic.com, servicios de videoconferencia: Skype e Cisco Webex.

Dada a experiencia do do ano pasado, o alumnado quedará rexistrado e porase en funcionamento ao longo deste mes da aula virtual, ca que se lle encomendarán tarefas para que se familiaricen co emprego do classroom.

A calificación do traballo desenvolto no periodo non presencial, realizarase a través da valoración das tarefas encomendadas (valorándose especialmente neste apartado a puntualidade na entrega das tarefas, a limpeza e boa presentación das mesmas, a súa autoría orixina), así como a través de exámenes online se fose previsto, segundo se especifica a continuación.

No caso de que as autoridades permitan o alumno acudir o centro para facer a proba presencial e ó alumno se negue a acudir suporá a non comparecencia do alumno e a cualificación de cero na proba. A proba de recuperación terá unha parte teórica e outra práctica cunha valoración de 5 puntos cada parte. A nota de dita proba sairá de sumar a nota da parte teórica e da parte práctica tendo que acadar o alumno un mínimo de 2,5 puntos en cada parte. De non acadar o mínimo esixido en cada parte a proba estaría suspensa. No caso de detectarse tentativa de copiar ou de facer trampa a cualificación da proba será de cero. Se o alumno non comparece a proba daráselle por non presentado e polo tanto unha calificación de cero na proba.

No caso de facerse exame online a negativa dun estudante para ser supervisado mediante webcam, salvo que existan causas que o xustifiquen, equivalerá á súa inasistencia á proba e, en consecuencia, será cualificado como non presentado. A orientación da cámara pode abarcar unha parte ou toda a estancia onde se realice a proba e aconséllase ao alumno que informe da realización da proba ás persoas coas que convive para que non accedan á contorna durante a realización do exame. Só o profesor encargado de realizar a avaliación pode ver as imaxes e escoitar a voz do estudante. Está prohibido captar, compartir ou difundir imaxes por parte do alumno, xa sexa do profesor ou da propia proba.